



PLANO DE
MANTENIMENTO DA
CARRILLO

GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
bng@depourense.es

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, **PREGUNTA PARA RESPOSTA POR ESCRITO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Historicamente moitas das rúas do noso país pertenceron ben ao Estado, ben á Xunta de Galiza, ben ás Deputacións. Froito da evolución da morfoloxía das vilas e cidades, que foron aumentando e expandíndose, moitas delas pasaron a mans dos concellos, mais non a súa totalidade.

No caso do Concello de Ourense, segundo o seu inventario de bens, ten a potestade sobre a meirande parte das rúas da cidade. Porén algunhas delas seguen sendo propiedade doutras administracións. Moitas delas por naceren orixinalmente como travesías posteriormente absorvidas pola evolución do desenvolvemento urbán. No caso de rúas que pertencen á Deputación e que discurren polo termo municipal, pero de titularidade provincial están: Alejandro Brañas, Alejandro Pedrosa, desde o cruce con Santa Teresita á rúa dos Chaos, Cabeza de Vaca, Rúa dos Canteiros, rúa dos Chaos, Estrada de Barra de Miño, Estrada de Sabadelle, Ponte Sevilla, rúa Quintián, Rúa de Rairo, Rúa San Silvestre, Santa Tereseita, Rúa tangaraño e Vinteún

Con base a isto fórmulanse as seguintes **preguntas para resposta escrita**:

- Ten avaliado a deputación co concello de Ourense a cesión destes viais?
En que termos?
- Cantos convenios e de que contido e detalle ten asinados con concello respecto destas rúas?

-Cantos acordos ten co Concello para a instalación de mobiliario municipal ou para xestión de dominio público desde 2015? para que tipo de infraestruturas?

-En que informes técnicos se baseou?

Ourense, 23 de outubro de 2018



Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez
Deputado provincial do BNG

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE